

GRÁFICOS e DIAGRAMAS

Os gráficos e diagramas son fontes de información secundarias que traducen datos cuantitativos en representacións visuais para facilitar a súa comprensión.

Guión para comentar o gráfico:

1 Identificación e descrición:

- **Tipo:** De que tipo de gráfica/diagrama se trata?
- **Tema:** De que asunto trata?

2 Análise:

- **Descrición:** Cales son as variables representadas?
- **Análise das variables:** Que tendencia segue cada variable? Débese comentar os máximos e os mínimos.
- **Análise da relación entre variables:** Estabelece semellanzas e diferenzas entre e a evolución das variables.

3 Interpretación


- **Contexto histórico:** En que contexto histórico se enmarcan os datos?
- **Explicación en relación co contexto histórico:** Que factores históricos poden explicar a cantidade ou evolución dos datos?

4 Conclusión


- **Valoración:** Que relevancia ten a información representada para o asunto histórico tratado?

TIPOS DE GRÁFICOS

- ★ Diagrama de barras. Utilízanse para representar datos de carácter descontinuo. As barras pódense dispor de forma horizontal ou vertical.



- ★ Diagrama sectorial. Son máis apropiados para ver a proporción entre diferentes cantidades. Os valores son porcentuais: o 100% terá o valor de 360° se o gráfico é circular ou de 180° se é semicircular.



- ★ Gráfica de curvas ou liñas. Permiten a visualización dun fenómeno ao longo do tempo. Utilízanse cando a serie de datos é continua.

